

UN CAMIÑO QUE SEGUIR NAS MATEMÁTICAS. DO EXERCICIO Á ACTIVIDADE E DA ACTIVIDADE AO PROXECTO

PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES A REALIZAR NA AULA

Contexto : A alumna coa que fixen a actividade, ten Síndrome de Down, pertence ao primeiro curso de Educación Primaria do CEIP Manuel Vidal Portela, ten varias sesións coa mestra de PT (eu) e coa mestra de Audición e Linguaxe.

Realizamos a proba na aula de apoio.

Obxectivos:

Entre outros:

- Apreciar as matemáticas na vida cotiá, disfrutar co seu uso
- Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas, que lles permitan disfrutar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios

O Síndrome de Down é a causa coñecida máis frecuente de retraso mental. A causa xenética é unha trisomía do par 21.

Hai tres tipos:

O tipo máis común de síndrome de Down é o denominado trisomía libre ou trisomía regular.

En casos raros o cromosoma 21 extra, ou un fragmento do mesmo, atópase "pegado" a outro cromosoma.

A forma menos frecuente de trisomía é a denominada mosaico.

A continuación, desenrolarei algunhas características físicas, cognitivas e conductuais máis representativas das persoas con Síndrome de Down:

Características físicas: destacamos rasgos faciais e outros trastornos de saúde asociados a dito síndrome, como por ex. alteracións cardíacas conxénitas, problemas no tiroides, otite serosa que afectan significativamente na adquisición da linguaxe, problemas na tonicidade muscular repercutindo na mobilidade e motricidade fina...

Características cognitivas: O S. de Down soe vir asociado cun retraso mental de medio a severo, soe ser o máis significativo nos nenos ca nas nenas, incrementándose dito retraso na adolescencia e idade adulta. Entre os seus puntos fortes atópanse as habilidades visuais (que son mellores ca auditivas)e, polo tanto, recoméndase utilizar claves visuais como apoio aos aprendizaxes e o desenrolo da linguaxe.

Características conductuais: Autores como Down(1887) sinalan a capacidade de imitación, o sentido do ridículo, o humor, amabilidade, tozudez,...como rasgos a destacar nas persoas con síndrome de Down

Metodoloxía

Metodoloxía máis sistematizada

Con obxetivos máis parcelados, pasos intermedios máis pequenos

Cunha linguaxe máis sinxela, clara e concreta

Poñendo máis coidado e énfase nos aspectos de motivación e interese,

Repetindo máis variedade de exercicios

Practicando noutros ambientes e situacións

Realización da actividade

Preséntolle as regletas de diferentes maneiras, facendo formas (nun cadrado, en escala descendente,)

Logo explícolle (facendo ao mesmo tempo), por exemplo, a regleta laranxa ten a mesma lonxitude que xuntando dez das máis pequenas (unidades), que unha marrón e unha vermella equivale a unha laranxa, dúas amarelas tamén equivalen a unha laranxa e así sucesivamente.

Utilizo termos como xuntar, acercar,... para que entenda o que é unha suma e sacar, separar,...para que entenda o que é unha resta

Avaliación da actividade: Positiva, mostrou interese inmediato, polas cores, formas e comprobar que encaixaban